

Código do documento	Código do expediente
<b>USG13100HO</b>	<b>USG/2019/81</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0P0A 3M1V 2H4E 503G 0BFO	

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 27 DE MAIO DE 2019.

### **PRESIDENTE:**

O alcalde en funcións, D. José Ramón Rioboo Castro

### **ASISTENTES:**

D. Diego Antonio Taibo Monelos  
D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril  
D.ª Mª Carmen Varela Corbelle  
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle  
D.ª Marta Mª Iglesias Becerra  
D. Miguel Suárez García  
D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes

### **INTERVENTORA MUNICIPAL:**

D.ª Vanesa García Barreiro

### **SECRETARIA XERAL:**

D.ª Pilar Mª Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e trinta minutos do día vinte e sete de maio do ano dous mil dezanove, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde en funcións, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Diego Antonio Taibo Monelos, D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril, D.ª Mª Carmen Varela Corbelle, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.ª Marta Mª Iglesias Becerra, D. Miguel Suárez García e D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.ª Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral, D.ª Pilar Mª Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

## 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 20 DE MAIO DE 2019.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte de maio de dous mil dezanove, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 20 de maio de 2019.

## 2.- DACIÓNS DE CONTA.

### 2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Anuncio do 14 de maio de 2019, do Concello de Culleredo, relativo á delegación das funcións da alcaldía no primeiro tenente de alcalde, D. Diego Antonio Taibo Monelos, o día 13 de maio de 2019 desde as 13.00 ata as 15.00 horas. BOP núm. 94 do 21-05-2019.
- Acordo do 16 de maio de 2019, da Consellería de Economía, Emprego e Industria -Xefatura Territorial da Coruña -Servizo de Enerxía e Minas, polo que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, de construción e declaración de utilidade pública, en concreto, dunha instalación de distribución eléctrica no Concello de Culleredo (expediente-e.: IN407A 2019/79-1). BOP núm. 96 do 23-05 2019.
- Anuncio do 16 de maio de 2019, do Concello de Culleredo, relativo ás bases da convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro dual de emprego "Culleredo verde", especialidade "Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería". BOP núm. 96 do 23-05-2019

Código do documento	Código do expediente
<b>USG13I00HO</b>	<b>USG/2019/81</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0P0A 3M1V 2H4E 503G 0BFO	

- Anuncio do 20 de maio de 2019, do Consorcio As Mariñas, relativo á lista provisional de admitidos e excluídos ao proceso de selección para a formación dunha bolsa de traballo para realizar contratacións laborais temporais do posto de preparador/a laboral do Plan Coordinador de Servizos Sociais mediante o sistema de concurso-oposición. BOP núm. 97 do 24-05-2019.

## **2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DA ALCALDÍA E DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.**

2.2.1.- O Sr. Taibo Monelos dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións e comunicacións previas da Concellería delegada da Área de Urbanismo:

### **RESOLUCION DO 14.05.2019**

**Resolución núm 766.-**Concedendo a D.R.B.F e Dª R.M.V.C, licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar situada na rúa San Xíao, parroquia de Almeiras (exp. UAU/2017/662)

**Resolución núm 767.-** Concedendo a D.F.M.C, licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar situada no Lugar de Vinxeira Grande, parroquia de Celas (exp. UAU/2019/35)

### **RESOLUCION DO 15.05.2019**

**Resolución núm 774.-** Concedendo a Dª A.B.A.F, licenza municipal de obras para o mantemento e conservacion dunha vivenda situada na Avda. Vilaboa, parroquia de Rutis (exp. UAU/2018/539)

**Resolución núm 775.-** Denegando a Dª A.G.G e D.A.G.I, licenza municipal de obra para a legalizacion dunha construción en solo rústico situada en Monte da Raposa, no Lugar de Rumbo, parroquia de Celas (exp. UAU/2019/211)

**Resolución núm 776.-** Incoando un expediente de reposición da legalidade a D. M. S. S.P., que se deriva da execución dunhas obras de construción dun peche na fronte da parcela de 16 m de lonxitude e unha altura variable entre 1,10 m e 1,50 m, construción dun galpón apegado ao linde posterior da parcela de 20 m² e cunha altura de 1,75 m e un pequeno estanque, obras que se executaron na parcela coa referencia catastral 8486602NH4888N0001AK situada no lugar de Celas , sen contar co título habilitante exixible .

Dando audiencia no expediente ao interesado que disporá dun prazo de 15 días hábiles, que contan desde o seguinte ao que reciba a notificación da presente Resolución, para que formule as alegacións e achegue os documentos e as xustificacións que considere pertinentes.

Comunicando ao interesado que o procedemento que se incoa deberase resolver no prazo dun ano que conta dende a data da súa incoación, segundo o que dispón o artigo 21.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e que unha vez que transcorra ese prazo sen resolver se producirá a caducidade do procedemento, segundo o que dispón o artigo 152.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e o artigo 25.1 da Lei 39/2015. (exp. UAU/2017/130).

**Resolución 777.-** Aprobando a D. O.C.L, a devolución das fianzas depositadas para responder dos posibles danos na urbanización existente na avda. do Rueiro, parroquia de Rutis (exp. UAU/2019/45).

**Resolución núm 778.-** Concedendo a D.E.V.M e Dª. M.G.L , licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar situada no Lugar de Cornedo, parroquia de Sésamo (exp. UAU/2019/12)

**Resolución 779.-** Concedendo a DªM.X.F.P, licenza municipal de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar situada na rúa Rafael Dieste, parroquia de Almeiras (exp. UAU/2018/472)

**Resolución 780.-** Concedendo a Dª M.P.F.P, licenza municipal de primeria ocupación para unha vivenda unifamiliar situada na rúa Rafael Dieste, parroquia de Almeiras (exp. UAU/2018/471)

### **RESOLUCION DO 16.05.2019**

Código do documento	Código do expediente
<b>USG13I00HO</b>	<b>USG/2019/81</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0P0A 3M1V 2H4E 503G 0BFO	

**Resolución 788.-** Concedendo a Dona S. V. V. licenza municipal para a segregación do local coa referencia catastral 0170601NH5907S0008WQ, situado na rúa Alcalde Electo Carballo, parroquia de Rutis, (exp. UAU/2019/246).

### **COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E APERTURAS**

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 21 de maio de 2019, a comunicación previa presentada por HNOS. EIROA MOSCOSO, C.B. CARROCERÍAS ALFOZ, para obras en fachada de Nave instalando panel de chapa sobre rastreles de 30x20, situada en Rúa Río Mero núm. 8, parroquia de Almeiras (exp. UAU/2018/782).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 22 de maio de 2019, a comunicación previa presentada por C.G.R., para reconstrución dun hórreo de 6 m2, nunha parcela situada no Lugar de Folgueira, parroquia de Castelo (exp. UAU/2018/774).

2.2.2.- A Sra. Varela Corbelle dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes actividades da Concellería delegada da Área de Educación, Cultura e Participación Cidadá:

#### **“ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN**

##### **EDUCACULLEREDO 2018/19**

##### **A) ACTIVIDADE: Torre de Celas: unha historia no Medievo.**

Programa: Educación patrimonial e histórica.

Datas: 30 e 31 de maio.

Horario: de 9:30 a 12:00 h.

Centros participantes: CEIP Ría do Burgo e CEIP Díaz Pardo.

Curso: 3º EP.

Nº participantes: 100.

Lugar: parque da Torre de Celas.

##### **B) ACTIVIDADE: Ruta didáctica polo patrimonio natural: río Trabe.**

Programa: Educación ambiental.

Datas: 31 de maio.

Horario: de 9:30 a 13:00 h.

Centros participantes: CEIP Ría do Burgo + CPR A Ponte Pasaxe.

Curso: 2º EP.

Nº participantes: 52.

Lugar: último tramo do regato de Trabe.

#### **ACTIVIDADES CULTURAIAS**

##### **VENRES 31 DE MAIO**

Aula de Natureza “Juan Lembeye” do Xardín Botánico do Burgo. 20.00 h:

Inauguración da exposición de pintura *Mixtura*, de María Amparo Genovés e María Rosa Asaro. Ata o 29 de xuño.”

### **3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.**

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

### **4.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formulan.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
<b>USG13I00HO</b>	<b>USG/2019/81</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0P0A 3M1V 2H4E 503G 0BFO	

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e trinta e seis minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe  
O alcalde en funcións  
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H